

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, DE ORGANIZACIÓN, DO PLENO DO CONCELLO DE SILLEDA DO 25 DE XUÑO DE 2019

Na Casa do Concello de Silleda, ás 10:05 do día 25 de xuño de 2019, reúnen-se no salón de sesións os señores concelleiros, co obxecto de dar cumprimento ao disposto no artigo 38 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, no que se dispón que dentro dos trinta días seguintes á celebración da sesión constitutiva, o Alcalde convocará a sesión ou sesións extraordinarias do Pleno co obxecto de fixar o funcionamento da nova Corporación Local.

en cumprimento do disposto nos artigos 195 e 196 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e 37 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e para o efecto de levar a cabo a constitución da Corporación municipal de Silleda, surxida das eleccións que tiveron lugar o día 26 de maio de 2019, reúnen-se os Sres. Concelleiros enumerados á marxe, asistidos polo secretario acctal., que dá fe do acto. Asiste tamén o interventor municipal, D. Leopoldo Moure Dopico.

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. Manuel Cuiña Fernández, (PsdeG-PSOE).

CONCELLEIROS:

D^a. Ángela María Troitiño Gil, (PSdeG-PSOE)
D^o Antonio ferro Losada, (PSdeG-PSOE)
D^a Mónica González Conde, (PSdeG-PSOE)
D^o Jesús Taboada Lázara, (PSdeG-PSOE)
D^a María del Pilar Peón Iglesias, (PSdeG-PSOE)
D^o Klaus Brey Montaña, (PSdeG-PSOE)
D^o Ignacio Maril Pardo, (PP)
D^o Iván Calvo Fernández, (PP)
D^a María Jesús Rodríguez Lastres, (PP)
D^o Luis Juan Arceo López, (PP)
D^o Manuel Asorey Suárez, (PP)
D^a Ana Rosa Cornado Molina, (BNG)

INTERVENTOR: Leopoldo Moure Dopico

SECRETARIO: David García Lareo, Secretario acctal do concello (Decreto 08.03.2019), que da fe do acto.

ORDE DO DÍA

- 1º.- COÑECEMENTO DA COMPOSICIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS E OS SEUS VOCEIROS.**
- 2º.- COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DO ALCALDE EN MATERIA DE NOMEAMENTOS DE TENENTES DE ALCALDE, MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DELEGACIÓNS.**
- 3º.- PERIODICIDADE DAS SESIÓNS PLENARIAS.**

- 4º.- CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.
- 5º.- RETRIBUCIÓNS A GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.
- 6º.- RETRIBUCIÓNS DE CARGOS ELECTIVOS LOCAIS CON ADICACIÓNS EXCLUSIVAS OU PARCIAIS.
- 7º.- RETRIBUCIÓNS DE CARGOS ELECTIVOS LOCAIS SEN ADICACIÓNS EXCLUSIVAS.
- 8º.- NOMEAR REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NOS ÓRGANOS COLEXIADOS.
- 9º.- NÚMERO, CARACTERÍSTICAS E RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL EVENTUAL.

1º.- COÑECEMENTO DA COMPOSICIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS E OS SEUS VOCEIROS.

Á vista da exposición polo Alcalde en relación co funcionamento do Concello neste mandato, dáse conta dos escritos presentados polos diferentes grupos políticos, de conformidade co artigo 24 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro. A Corporación queda informada da seguinte composición dos grupos políticos:

Grupo municipal do PSdeG-PSOE:

Manuel Cuíña Fernández
Ángela María Troitiño Gil (Voceira suplente)
Antonio Ferro Losada
Mónica González Conde (Voceira titular)
Jesús Taboada Lázara
María del Pilar Peón Iglesias
Klaus Brey Montaña

Grupo municipal do PP:

Ignacio Maril Pardo (Voceiro titular)
Iván Calvo Fernández (Voceiro suplente)
María Jesús Rodríguez Lastres (Voceira suplente)
Luis Juan Arceo López (Voceiro suplente)
Manuel Asorey Suárez (Voceiro suplente)

Grupo mixto (BNG):

Matías Rodríguez da Torre (Voceira titular)

2º.- COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DO ALCALDE EN MATERIA DE NOMEAMENTOS DE TENENTES DE ALCALDE, MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DELEGACIÓNS.

Dase conta do decreto de Alcaldía de data 20 de xuño de 2019, polo que se adoptaron as resolucións relativas ao nomeamento dos membros da Xunta de Goberno local e Tenentes de Alcalde, co contido seguinte:

"PRIMEIRO.- Nomear membros da Xunta de Goberno Local do Concello de Silleda aos seguintes Concelleiros:

- Mónica González Conde
- Ángela María Troitiño Gil
- Antonio Ferro Losada
- Jesús Taboada Lázara

SEGUNDO. As sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local terán lugar coa periodicidade que estableza o artigo 32 do Regulamento Orgánico Municipal. En aplicación do artigo 112.3 do ROF, o Alcalde fixará, mediante Decreto, o día e hora concretos no que terá lugar cada sesión ordinaria.

TERCEIRO. Corresponde á Xunta de Goberno Local, ademais da asistencia permanente ao Alcalde no exercicio das súas atribucións, as seguintes competencias que se delegan:

- *Outorgar as licenzas urbanísticas e de actividade.*
- *Aprobar os instrumentos de planeamento urbanístico de desenvolvemento do planeamento xeral, agás atribución expresa ao Pleno.*
- *Aprobar os instrumentos de xestión urbanística e os proxectos de urbanización.*
- *As competencias como órgano de contratación de obras, subministracións, servizos, xestión de servizos públicos, contratos administrativos especiais e contratos privados: cando o gasto correspondente supere os 15.000 euros e non correspondan ao Pleno.*
- *Aprobar os proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no Orzamento aprobado polo Pleno.*
- *Axudicar concesións sobre os bens da Corporación, adquirir e allear inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial, a non ser que correspondan ao Pleno.*
- *Aprobar os padróns fiscais.*
- *Aprobar as bases e a concesión de subvencións de acordo co orzamento aprobado polo Pleno*
- *Aprobar a oferta de emprego público de acordo co orzamento e o cadro de persoal aprobados polo Pleno.*
- *Aprobar as bases das probas para seleccionar o persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo.*
- *Distribuír as retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas.*

CUARTO. Designar como Tenentes de Alcalde aos seguintes concelleiros:

- *Mónica González Conde (1º Tenente de Alcalde)*
- *Ángela María Troitiño Gil (2º Tenente de Alcalde)"*

A Corporación queda informada.

3º.- PERIODICIDADE DAS SESIÓNS PLENARIAS.

O Alcalde propón establecer as sesións ordinarias do Pleno o último xoves non festivo dos meses impares, ás 11:00 horas no salón de sesións do Concello (se é festivo, poderase adiantar ou retrasar a data sen que exceda de 3 días).

Intervencións:

Polo Voceiro do PP, Sr. Maril Pardo, indícase que para tratar este asunto debería convocar previamente a Xunta de Voceiros para consensual, e que non está dacordo ca hora elexida para a celebración das sesións plenarias.

Pola Voceira do Grupo Mixto (BNG), indica que o discurso de investidura do Sr. Alcalde doulle vergoña. Si a outra lexislatura rematou mal esta tamén empeza mal. Que debería consensuar o horario xa que unhas persoas teñen oportunidade de facer política e outras non. Que é unha falta de respecto coa oposición non consensuar a hora dos Plenos.

O Sr. Alcalde-Presidente indica que remitirá o Regulamento Orgánico Municipal (ROM) os concelleiros para que sepan como se levan os Plenos. Que non é falta de respecto, que se cumpren as leis e o regulamento.

Turno de replica:

Polo Voceiro do PP, Sr. Maril Pardo, sinálase que a cuestión non é de ter tempo. Que débese facilitar que participen todos os concelleiros. Deberíase consensuar a hora coa Xunta de Portavoces para que despois non se recrimine si hai xente que non pode asistir.

Pola Voceira do Grupo Mixto (BNG), dí que as leis está para cumprilas e revelarse contra elas. Que é fácil adicarse a política cando un cobra un soldo desta.

O Sr. Alcalde-Presidente dí que aquí estamos polos votos dos veciños.

Sométese o asunto a votación co seguinte resultado:

Votos a favor: 7 (7 votos do PSdeG-PSOE)

Votos en contra: 6 (5 votos do PP e 1 voto do BNG)

Abstencións: ningún

O Pleno da Corporación, por maioría dos seus membros, ACORDA:

Establecer as sesións ordinarias do Pleno o último xoves non festivo dos meses impares, ás 11:00 horas no salón de sesións do Concello (se é festivo, poderase adiantar ou retrasar a data sen que exceda de 3 días).

4º.- CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.

O Alcalde propón crear as seguintes Comisiones Informativas permanentes, integradas de forma que a súa composición se acomode á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos representados na Corporación. O Alcalde é o Presidente nato de todas elas, se ben propondrá delegar a presidencia efectiva de cada unha no concelleiro ou concelleira que en cada caso se indica:

- Comisión especial de contas e informativa de economía, facenda, réxime interior, seguridade e tráfico, e grandes proxectos: Alcalde
- Comisión informativa de Cultura, turismo, deporte e comunicación: Mónica González Conde
- Comisión informativa de benestar social, igualdade, educación, sanidade, xuventude e normalización lingüística: Ángela María Troitiño Gil
- Comisión informativa de urbanismo, emprego, persoal e comercio: María del Pilar Peón Iglesias
- Comisión informativa de medio rural: Jesús Taboada Lázara
- Comisión informativa de medio ambiente, servizos e industria: Klaus Brey Montaña
- Comisión informativa de Vías e Obras: Antonio Ferro Losada

Composición: 3 concelleiros do grupo do PSdeG-PSOE, 2 do grupo do PP e 1 do grupo mixto, ponderando os votos respectivos en proporción á representatividade dos grupos no Pleno municipal.

Cada voceiro deberá presentar un escrito, dirixido ao Alcalde, designando aos compoñentes de cada Comisión na representación de cada grupo.

As sesións ordinarias das Comisións Informativas terán lugar coa mesma periodicidade que as sesións plenarias correspondentes, sempre e cando haxa asuntos que tratar, nos días e horas que estableza o Alcalde ou Presidente na correspondente convocatoria.

Intervencións:

Non se producen intervencións.

Sométese o asunto a votación co seguinte resultado:

Votos a favor: 7 (7 votos do PSdeG-PSOE)

Votos en contra: ningún.

Abstencións: 6 (5 votos do PP e 1 voto do BNG)

O Pleno da Corporación, por maioría dos seus membros, ACORDA aprobar a proposta da Alcaldía.

5º.- RETRIBUCIÓN A GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

O Alcalde propón que as dotacións económicas para os Grupos Políticos do Concello de Silleda, conforme o establecido no artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réximen Local, e que se recollen na aplicación orzamentaria 912.489, constarán de un compoñente fixo e outro variable en función do número de membros de cada un deles, tomando como referencia a proporcionalidade derivada dos resultados electorais, en porcentaxe de votos.

Resultados electorais eleccións 2019:

PSdeG-PSOE: 49,59 %

PP: 38,88 %

BNG: 7,67 %

Distribución tomando coma referencia os porcentaxes de apoio electoral

Grupo PSdeG-PSOE: 300,00 €

Por membro: 700,00 €

TOTAL Grupo PSdeG-PSOE: $300,00 + (7 \times 700,00 \text{ €})$ 4.900,00 € = 5.200,00 €

Grupo PP: 300,00 €

Por membro: 700,00 €

TOTAL Grupo PP: $300,00 + (5 \times 700,00 \text{ €})$ 3.500,00 € = 3.800,00 €

Grupo Mixto (BNG): 300,00 €

Por membro: 700,00 €

TOTAL Grupo Mixto (BNG): 300,00 + (1x700,00 €) 700,00 € = 1.000,00 €

TOTAL: 10.000,00 €

Respecto das citadas dotacións se esixen os seguintes requisitos:

- a) Non poderán destinarse o pago de remuneracións de persoal de calquera tipo o servizo da Corporación ou a adquisición de bens que podan constituir activos fixos de carácter patrimonial.
- b) Se ingresarán en conta aberta a nome dos Grupos Políticos no banco ou caixa que sinalen.
- c) O pago se efectuará, por semestres anticipados, contra xustificante expedido polo Portavoz do Grupo, no que se fará constar de forma expresa o número de Concelleiros adscritos o Grupo e a declaración de cumprimento do previsto no apartado a).
- d) A achega terá carácter incondicional, agás o establecido no apartado a), polo que non será necesario xustificalo destino dado os fondos percibidos, sen perxuízo de levar unha contabilidade adecuada e conservar os correspondentes xustificantes, que porán a disposición do Pleno da Corporación sempre que este o pida. No seu caso, poderá solicitarse informe de Intervención a cerca do cumprimento das normas que rexen estas dotacións. A citada contabilidade consistirá, al menos, nun Libro de Caixa que rexistre as entradas e saídas de fondos.

Intervencións:

Polo Voceiro do PP, Sr. Maril Pardo, sinálase que é un salto económico a favor do PSdeG-PSOE. Que se modifica a cantidade fixa e que non entende a rebaixa da mesma.

Pola Voceira do Grupo Mixto (BNG), non se produce intervención.

O Sr. Alcalde-Presidente indica que segundo intervención a cantidade fixa asignada debe ser para os Grupo Municipais e outra parte segundo o número de concelleiros de cada un deles. Que o Grupo Mixto é o que sae mais beneficiado.

Turno de replica:

Polo Voceiro do PP, Sr. Maril Pardo, indícase que coas cuantías asignadas faise difícil manter os grupos e que non lle parece razoable o que se incrementa.

Sométese o asunto a votación co seguinte resultado:

Votos a favor: 7 (7 votos do PSdeG-PSOE)

Votos en contra: ningún

Abstencións: 6 (5 votos do PP e 1 voto do BNG)

O Pleno da Corporación, por maioría dos seus membros, ACORDA aprobar a proposta da Alcaldía.

6º.- RETRIBUCIÓN DE CARGOS ELECTIVOS LOCAIS CON ADICACIÓN EXCLUSIVAS OU PARCIAIS.

O Alcalde propón que aqueles membros da Corporación que desenvolvan as súas actividades en réxime de dedicación exclusiva ou parcial perciban as retribucións que se indican a continuación, non podendo percibir indemnización algunha pola asistencia a sesións dos diferentes órganos municipais e doutros organismos, sen prexuízo das indemnizacións que lles correspondan polo exercizo do seu cargo:

1. Alcaldía (dedicación exclusiva): 3.411,37 € brutos/mes. (47.759,18 € anuais, en 14 pagas)
2. 1º Tenente de Alcalde. Concellería de cultura, turismo, deporte e comunicación (dedicación parcial): de 2.000,00 € brutos/mes (28.000,00 anuais en 14 pagas)
3. 2ª Tenente de Alcalde. Concellería de benestar social, igualdade, educación, sanidade, xuventude e normalización lingüística (dedicación parcial): 1.714,28 € brutos/mes (23.999,92 € en 14 pagas).
4. Concellería de urbanismo, emprego, persoal e comercio (dedicación parcial): de 1.714,28 € brutos/mes (23.999,92 € en 14 pagas).
5. Concellería de medio ambiente, servizos e industria (dedicación parcial): de 1.394,19 € brutos/mes (19.518,66 € en 14 pagas).

Distas retribucións veranse incrementadas segundo a normativa que modifique o previsto no artigo 65 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladoras das bases de réximen local, segundo a redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da administración local.

Intervencións:

Polo Voceiro do PP, Sr. Maril Pardo, sinálase que o Alcalde dí que manteñense as dedicacións exclusivas que dí a Lei. Que se pón unha dedicación parcial con idéntica cantidade que na anterior lexislatura unha exclusiva. Que génrase un incremento do 40% polo que non pode dar a súa conformidade. Que se retribuen a tódolos cargos do grupo de goberno e que é un insulto para os traballadores do Concello.

Pola Voceira do Grupo Mixto (BNG), indícase que é curioso que vaia todo para o goberno, preguntando en canto son os porcentaxes das dedicacións parciais e adicación. Que toda actividade política debe ser retribuída e que espera que o departamento de comunicación do Concello non sexa a axencia do PSOE. Que si o SAF e a residencia están privatizadas non ve que sexa necesaria unha dedicación en Benestar, pero que lle vai dar un voto de confianza a nova concelleira. Está en contra das dedicacións a urbanismo e medio ambiente, esta última pola persoa mais cuestionada da corporación, a cal non debería de tomar posesión da súa acta.

O Sr. Alcalde-Presidente indica que o montante total é aproximadamente un 9% mais que antes, non o 40%. Con respecto o BNG na Seguridade Social estipúlase a parcialidade destas dedicacións parciais. A parcialidade é difícil de reflexar. Que non lle gustaría que se fixeran xuízos de valor dos concelleiros que están sentados no Pleno.

Turno de replica:

Polo Voceiro do PP, Sr. Maril Pardo, procédese a dar lectura as cantidades percibidas na corporación anterior, polo que o incremento das dedicacións no é o 9% que dí o Alalde. Polo tanto unha de dúas "o Alalde é incompetente ou mentiroso". Que non van apoiar esta proposta por non estar conformes ca mesma.

Pola Voceira do Grupo Mixto (BNG), sinálase que o que fai é un xuízo da actividade política, non persoal. Que deberíanse facer políticas sociais. Que a oposición tamén se dedica a facer política sin retribucións. Que segundo o discurso do Alalde na toma de posesión, baixou o paro en Silleda, pero este baixa debido a que marcha xente, a demografía e os plans de emprego das deputacións. Que 28 mil euros non é unha dedicación parcial.

O Sr. Alalde-Presidente indica que chamar incompetente ó Alalde e chamar incompetente a metade dos veciños de Silleda que lle deron o seu voto, e que si él se presentara as eleccións con un incompetente xa tería marchado.

Sométese o asunto a votación co seguinte resultado:

Votos a favor: 7 (7 votos do PSdeG-PSOE)

Votos en contra: 6 (5 votos do PP e 1 voto do BNG)

Abstencións: ningún.

O Pleno da Corporación, por maioría dos seus membros, ACORDA aprobar a proposta da Alcaldía.

7º.- RETRIBUCIÓN DE CARGOS ELECTIVOS LOCAIS SEN ADICACIÓNS EXCLUSIVAS.

O Alalde propón que os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva ou parcial perciban as seguintes indemnizacións por asistencia a sesións dos órganos dos que formen parte:

- Asistencia a Xunta Goberno Local: 140,00 €.
- Asistencia a Plenos: 90,00 €
- Asistencia Comisións Informativas: 50,00 €

Intervencións:

Polo Voceiro do PP, Sr. Maril Pardo, sinálase que modificáronse as cantidades. Que non hai nada que xustifique a subida das asistencias a Xunta de Goberno Local cando outros órganos non suben na mesma proporcionalidade. Que o Pleno é o órgano mais importante e que se perciba mais polas Xuntas de Goberno que polo Pleno, non lle parece ben e non entende esta diferenza. En canto as Comisións Informativas, a cantidade parécelle ridícula. Presenta o rogo de que durante as lexislatura se convoquen as comisións informativas dos asuntos a tratar e non únicamente unha para todos.

Pola Voceira do Grupo Mixto (BNG), indícase que o Pleno é o órgano mais importante. Que na Xunta de Goberno está dúas persoas que non teñen dedicación exclusiva ou parcial, e así é unha maneira de que todos cobren. Pregunta si todos os concelleiros van a ter teléfono como na anterior lexislatura, tanto os que teñen dedicación como os que non; e pide que sexa para todos, incluídos os concelleiros da oposición, ou para ningún.

O Sr. Alcalde-Presidente indica que é unha decisión política, non técnica. Que as Comisións Informativas duran entre cinco e dez minutos e a Xunta de Goberno entre dúas e tres horas, pero eses concelleiros traballan tódolos días. En canto os teléfonos é unha cuestión que non compete ó Pleno, agora, si os concelleiros da oposición adican unhas horas a atender os veciños, non terá problema.

Turno de replica:

Polo Voceiro do PP, Sr. Maril Pardo, sinala que poñer medios é outra maneira de retribución. Que as Xuntas de Goberno valen para cobrar os concelleiros que non teñen dedicacións, polo que é unha retribución encuberta. Os Plenos, a veces, tamén duran dúas ou tres horas. As Comisións Informativas depende dos asuntos que se leven para algunhas veces duran mais. Que non entende o reparto que se fai.

Pola Voceira do Grupo Mixto (BNG), indica que o Alcalde menciona que traballan os concelleiros do goberno, pero ela tamén lle adica o tempo que pode e ten gastos como a gasolina, polo que estar na oposición e levar a cabo a súa labor, tamén orixina gastos.

O Sr. Alcalde-Presidente indica que en canto as convocatorias das Comisións Informativas é competencia do Secretario de que as convoque mais acorde cos asuntos que van a tratar.

Sométese o asunto a votación co seguinte resultado:

Votos a favor: 7 (7 votos do PSdeG-PSOE)

Votos en contra: 6 (5 votos do PP e 1 voto do BNG)

Abstencións: ningún.

O Pleno da Corporación, por maioría dos seus membros, ACORDA aprobar a proposta da Alcaldía.

8º.- NOMEAR REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NOS ÓRGANOS COLEXIADOS.

Pola Alcaldía propónse que sexa o Alcalde quen represente a Corporación nos órganos colexiados, con excepción de:

- Concellos Escolares: titular da área de Educación.
- Patronato Fundación María Colmeiro: titular da área de Educación.
- Fondo Galego de Cooperación e Solidaridade: titular da área de Benestar Social.
- Patronato Fundación do Campo: titular da área de Medio Rural.

En canto a mancomunidade:

De conformidade co disposto polo artigo 1 dos Estatutos Reguladores da Mancomunidade Terras de Deza o Municipio de Silleda forma parte da devandita Mancomunidade Intermunicipal.

Considerando que, como membro integrante da citada Entidade, e de conformidade co disposto polo artigo 9 dos seus Estatutos, corresponde a esta municipio designar 5

representantes municipais no Pleno da Mancomunidade, órgano superior de goberno da mesma.

Considerando que de conformidade co previsto no mencionado artigo, os Concellos mancomunados designarán ós seus representantes con carácter regrado de entre os seus membros corporativos por maioría simple na primeira sesión seguinte á súa constitución ou á comunicación de baixa de algún dos seus membros.

Considerando que, de conformidade co artigo 12 dos Estatutos, a Xunta de Goberno, como órgano de xestión ordinaria, intégrase polo seu Presidente e por un número de cinco vocais, que serán nomeados e cesados libremente polos Plenos dos respectivos Concellos, sendo un representante por cada Concello.

Considerando que, de conformidade co escrito remitido a este Concello polo Presidente en funcións da mancomunidade en data 21 de xuño de 2019, a distribución dos 5 representantes municipais no Pleno da Mancomunidade é a seguinte:

- 3 concelleiros do PSdG-PSOE
- 2 concelleiros do PP

Esta Alcaldía propón o Pleno do Concello adoptar os seguintes acordos:

Primeiro. - Que, polos voceiros municipais dos Grupos PSdeG-PSOE e PP se proceda a presentar escrito dirixido a esta Alcaldía designado os representantes e suplentes do Concello de Silleda no Pleno da Mancomunidade Terras de Deza:

- Polo PSdG-PSOE: 3 Concelleiros/as titulares mais suplentes
- Polo PP: 2 Concelleiros/as titulares mais suplentes

Segundo. - Nomear como representante do Concello na Xunta de Goberno da Mancomunidade ao Sr. Alcalde, Don Manuel Cuíña Fernández.

Terceiro. - Comunicar este acordo á Mancomunidade Internunicipal de Terras de Deza, para o seu coñecemento e efectos oportunos, xuntamente cos escritos presentados polo PSdeG-PSOE e PP de designación de membros.

Intervencións:

Non se producen intervencións.

Sométese o asunto a votación co seguinte resultado:

Votos a favor: 7 (7 votos do PSdeG-PSOE)

Votos en contra: ningún.

Abstencións: 6 (5 votos do PP e 1 voto do BNG)

O Pleno da Corporación, por maioría dos seus membros, ACORDA aprobar as propostas da Alcaldía.

9º.- NÚMERO, CARACTERÍSTICAS E RETRIBUCIÓN DO PERSOAL EVENTUAL.

Pola Alcaldía propónse que para o correcto funcionamento do Concello, en aras de poder ofrecerlle á cidadanía información sobre a xestión municipal diaria do goberno, así como reforzar as relacións institucionais con outras Administracións e de servir de apoio administrativo ao goberno, considérase necesario contar cunha praza de persoal eventual coas seguintes características:

Denominación: Secretaria particular da Alcaldía.

Número de postos:1

Características: Cargo de confianza da Alcaldía á quen lle corresponde o seu nomeamento e cese. Cesará automaticamente cando cese a autoridade que o nomeou.

A dedicación plena do citado persoal implicará, ademais do cumprimento da xornada laboral ordinaria do resto do persoal municipal, a incompatibilidade para todo tipo de actividades públicas ou privadas, por conta propia ou allea, de carácter retribuído, nos termos establecidos para o persoal funcionario, debendo estar a disposición da Corporación en calquera momento que sexan requiridos para elo.

As súas funcións serán:

- a) Organización da axenda protocolaria.
- b) Apoio administrativo a Alcaldía.
- c) Desenrolo de función propias de Secretaría adxunta a Alcaldía.
- d) Funcións de asesoramento a Alcaldía no marco da súa pericia.
- e) Control e seguimento de expedientes baixo directriz da Alcaldía.
- f) Xestións con terceiros baixo o mandato expreso e directrices do Alcalde.
- g) Encomendas relativas a un tema concreto e específico.
- h) Todas aquelas outras que lle sexan conferidas pola Alcaldía ou polos demais concelleiros delegados.

Retribucións: Salario base: equivalente a un Grupo C1: 9.170,28 €

Pagas extraordinarias: 3.249,98 €

Complemento de destino: nivel 18, importe. 5.028,24 €

Complemento específico: 6.545,88 €

TOTAL RETRIBUCIONES ANUAIS: 23.994,38 €.

Distas retribucións veranse incrementadas segundo a normativa que modifique o previsto no artigo 65 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladoras das bases de réximen local, segundo a redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da administración local.

Intervencións:

Polo Voceiro do PP, Sr. Maril Pardo, indica que a este persoal eventual redúcense algunhas das súas funcións con respecto a anterior. Que non se sabe que é nin a súa titulación.

Pola Voceira do Grupo Mixto (BNG), pregunta quen é o cargo de confianza e si é de confianza do Alcalde, que a vida da moitas voltas.

Sométese o asunto a votación co seguinte resultado:

Votos a favor: 7 (7 votos do PSdeG-PSOE)
Votos en contra: ningún
Abstencións: 6 (5 votos do PP e 1 voto do BNG)

O Pleno da Corporación, por maioría dos seus membros, ACORDA aprobar a proposta da Alcaldía.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as once horas e quince minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario dou fe.

Silleda, a 25 de xuño de 2019

Vº e Prace
O ALCALDE,
Asdo. Manuel Cuiña Fernández

O SECRETARIO acctal. (Decreto 08.03.2019)
Asdo. David García Lareo